

PLAN DE FORMACIÓN EN
COMPETENCIAS
INFORMACIONAIS E DIXITAIS
2020-2021
FACULTADE CIENCIAS
EDUCACIÓN

PLAN DE FORMACIÓN EN COMPETENCIAS INFORMACIONAIS E DIXITAIS PARA A APRENDIZAXE E A INVESTIGACIÓN. CURSO 2020-2021. ALUMNADO, PDI E PAS

No estado actual de pandemia, estanse a producir no marco do Espazo Europeo de Educación Superior grandes cambios en relación coa docencia e a investigación que amplían o uso da aprendizaxe virtual e a investigación en rede.

A Biblioteca continúa coa súa labor de alfabetización en competencias informacionais e dixitais para o desenvolvemento de habilidades no uso da información por parte de toda a comunidade universitaria. Para o alumnado, esta alfabetización suporá a capacitación identificar as súas necesidades, localizar, acceder e avaliar á información relevante de forma crítica. Entendemos como Competencias informacionais o conxunto de capacidades que permiten ás persoas recoñecer cando precisan a información, buscala, xestionala, avaliala e comunicala adecuadamente. Trátase de capacidades necesarias para a aprendizaxe ao longo da vida e imprescindibles para a inserción e utilización no mundo laboral. Entre estas competencias están:

- Recoñecermos a natureza e nivel de necesidade de información
- Accedermos á información de modo eficaz e eficiente
- Avaliarmos criticamente a información obtida e as súas fontes o Comunicar a información
- Usarmos a mesma de forma ética e legal

Na creación de estratexias para a aprendizaxe, a Biblioteca ten como obxectivos principais:

- Potenciar a utilización dos recursos de información dos que dispón a través das diferentes plataformas.
- Ser un elo da cadea universitaria que contribúe a xerar e compartir coñecemento.
- Contribuír á innovación docente como soporte da actividade investigadora.
- Potenciar a utilización de estándares abertos, aumentando o depósito no Repositorio institucional (RUC).

Por mor da situación actual de inseguridade e incerteza ante o covid-19, a Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación utilizará, prioritariamente, a modalidade virtual para as súas formacións en competencias dixitais durante o curso 2020-21. Estas serán complementadas con obradoiros para un público reducido e asesoramento individual.

Se a situación o permite, as sesións individuais e de grupos reducidos (seminarios para PDI ou cafés(in)formativos) serán presenciais, no entanto, sempre contemplaremos a opción virtual como alternativa.

A Biblioteca dispón de material de auto-formación na plataforma Moodle, á que poderá acceder calquera persoa da comunidade universitaria que o solicite. Igualmente, existe información na páxina *web* con video-tutoriais, infografías, presentacións e guías sobre os recursos principais.

As sesións virtuais serán realizadas a través da plataforma Teams.

XORNADA VIRTUAL DE PORTAS ABERTAS PARA NOVO ALUMNADO

MODALIDADE Virtual

ACERCA DE A Biblioteca amosa os seus espazos físicos e virtuais, recursos e servizos.

OBXECTIVOS /
COMPETENCIAS

- Coñecermos os espazos que ten a Biblioteca e como funcionan en tempo de pandemia; os seus recursos e os servizos que ofrecen.
- Aprendermos a utilizar o catálogo para consultar fondos.
- Sermos quen de realizar reservas e renovacións de libros, así como solicitar cita previa.
- Achegármonos ás actividades de extensión cultural que ofrece a Biblioteca.

CONTIDOS

- Espazos. Percorrido virtual polo espazo físico. A páxina *web*
- Recursos electrónicos. Como acceder a eles.
- Consulta do catálogo
- Servizo de Préstamo
- Club de lectura e encontros literarios Nébeda

DATAS SETEMBRO 2020

Manterase o webinar dispoñíbel para a súa consulta posterior

KIT DE FERRAMENTAS BÁSICAS PARA A ELABORACIÓN DUN TRABAJO ACADÉMICO

MODALIDADE Virtual

ACERCA DE Axudarase ao alumnado de Grao a acadar as destrezas e competencias de información necesarias para a realización dun traballo académico.

O kit está organizado en catro módulos dunha hora de duración cada un. Pódese realizar completo ou por módulos independentes.

OBXECTIVOS / COMPETENCIAS

- Identificarmos a natureza e nivel de necesidade de información
- Accedermos á información de modo eficaz e eficiente
- Acadarmos unha autonomía na procura, xestión e avaliación da información para a realización dun traballo académico.
- Sermos quen de utilizar as TICs para a creación, comunicación e publicación da información.
- Contribuírmos a xerar un espírito crítico na selección da información.
- Facermos uso ético da información e evitar o plaxio

CONTIDOS

MÓDULO 1. PROCURA DE INFORMACIÓN BÁSICA

- As diferentes fontes de información
- Procura de información: catálogo, Dialnet e Google Scholar

MÓDULO 2. COMO CITAR E REFERENCIAR CONFORME ESTILO APA

- Tipos de documentos
- Introducción ao estilo APA
- Elaboración de citas e referencias bibliográficas

MÓDULO 3. XESTIONAR A INFORMACIÓN: XESTOR BIBLIOGRÁFICO REFWORKS

- Como organizarmos as referencias bibliográficas e os documentos con axuda dun xestor bibliográfico: Refworks

MÓDULO 4. TRABALLO COLABORATIVO. A DEFENSA. CREACIÓN DE PRESENTACIÓNS DINÁMICAS

- Ferramentas útiles para o traballo colaborativo
- Procura de imaxes copyleft
- Consellos para unha boa defensa
- Elementos chave na presentación
- Ferramentas gratuítas para a elaboración de presentacións e pósters

DATA OUTUBRO 2020 - MARZO 2021

Realizaranse varias sesións ao longo de todo o curso académico.

COMPETENCIAS INFORMACIONAIS E DIXITAIS PARA O ACCESO E XESTIÓN DA INFORMACIÓN ACADÉMICA

MODALIDADE Virtual mentres continúe a situación de pandemia

ACERCA DE Formación virtual que se complementa con contidos en Moodle. Consiste na realización de tres módulos dunha hora de duración cada un. Finalizada a sesión de formación común abrirase un espazo en que o alumnado poderá consultar as súas dúbidas, así como solicitar asesoramento sobre o tema do seu traballo.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

O alumnado será quen de:

- Identificar, localizar, obter, almacenar, organizar e analizar información dixital, avaliando a súa finalidade e relevancia para a realización do TFG.
- Navegar, buscar e filtrar a información, datos e contidos dixitais
- Avaliar a información, datos e contidos dixitais con espírito crítico
- Xestionar a información, datos e contidos dixitais utilizando xestores bibliográficos.
- Utilizar as TICs para a creación, comunicación e publicación da información.
- Usar xestores bibliográficos para citar e crear bibliografías.
- Crear presentacións dinámicas e pósters utilizando programas da rede.
- Facer uso ético da información e evitar o plaxio.
- Coñecer os dereitos de autor/a e licencias
- Utilizar imaxes con licencia da rede
- Citar e referenciar utilizando o estilo APA

CONTIDOS MÓDULO 1. A PROCURA DE INFORMACIÓN. ACCESO AO TEXTO COMPLETO

- Normativa. Onde atopar TFG xa presentados.
- Onde e como buscar a información
 - Analizarmos a necesidades de información
 - Seleccionarmos as fontes
 - Estratexia de busca
- Avaliación da información

- Da cita ao texto completo

MÓDULO 2. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN. REFWORKS

- Principais xestores bibliográficos
- Refworks

MÓDULO 3. REDACCIÓN DO TFG. EVITARMOS O PLAXIO. ESTILO APA. A DEFENSA

- Evitarmos o plaxio
 - Elaboración de citas e referencias bibliografía. O estilo APA
 - Obtención de imaxes *copyleft*
- Axudas do SNL
- Publicación no RUC
- Ferramentas útiles utilizando as TICs
 - Presentacións dinámicas
 - Pósters

DATAS 1ª CONVOCATORIA: OUTUBRO-NOVEMBRO

2º CONVOCATORIA: FEBRERO-MARZO

ALUMNADO DE DOUTORAMENTO

COMO BUSCAR E USAR A INFORMACIÓN PARA ELABORAR A TESE DE DOUTORAMENTO

MODALIDADE Virtual (Moodle) + presencial/virtual (Teams)

ACERCA DE Curso en colaboración co CUFIE. 12 horas (6 h. teóricas en liña e 6 h presenciais)

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Coñecer os servizos que a biblioteca ofrece ao alumnado de doutoramento para axudarlle na súa investigación e na elaboración da súa tese de doutoramento.
- Citar correctamente as fontes consultadas na elaboración da tese de doutoramento e usar xestores de referencias bibliográficas para organizalas.
- Identificar, localizar e usar os principais recursos de información que ofrece a biblioteca, particularmente aqueles especializados nas áreas de coñecemento onde desenvolven a súa investigación.
- Facilitar estratexias para realizar buscas de información avanzadas e poder avaliar a información obtida.
- Coñecer as boas prácticas para a busca, uso e a xestión dos datos de investigación.
- Coñecer os pasos para incorporar a tese de doutoramento en acceso aberto no Repositorio da Universidade da Coruña (RUC).

CONTIDOS

- Bibliografía e xestores bibliográficos.
 - As citas e as referencias bibliográficas.
 - Os xestores bibliográficos.
- Busca de información
 - Definir as necesidades de información.
 - As fontes de información.
 - Que se publicou sobre un tema? : as buscas, as bases de datos e plataformas de recursos electrónicos .
- A xestión dos datos da investigación empregados na tese.
 - Definición e ciclo de vida dos datos.
 - Plan de xestión de datos.

- Como atopar datos de investigación
- A presentación, arquivo e difusión da tese de doutoramento.
 - Recomendacións para a presentación da teses de doutoramento.
 - Arquivo e difusión da tese de doutoramento en acceso aberto no Repositorio Institucional.
- A visibilidade das teses de doutoramento da UDC.

DATAS ABRIL E MAIO 2021.

ESTRATEGIAS PARA INCREMENTAR A VISIBILIDADE E O IMPACTO DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN

MODALIDADE Virtual (Moodle) + presencial/virtual (Teams)

ACERCA DE Curso en colaboración co CUFIE. 12 horas (8 h. teóricas en liña e 4 h presenciais)

OBXECTIVOS / COMPETENCIAS

- Motivar ao profesorado a ter unha presenza profesional activa na rede que reflicta de forma precisa as súas actividades de investigación.
- Promover o uso de boas prácticas á hora de crear unha identidade inequívoca como autor e investigador.
- Informar ao PDI dos recursos específicos para a creación de perfís identificativos que faciliten a súa visibilidade nas bases de datos e na rede.
- Facilitar ao PDI estratexias para a visibilidade das súas publicacións científicas.
- Traballar de forma práctica na creación de perfís e estratexias de visibilidade nos obradoiros.

CONTIDOS

- A identificación de autor/a: nome e filiación
- A publicación científica
- A publicación e o acceso aberto. O repositorio institucional da UDC (RUC)
- Plataformas sociais e redes científicas

DATAS ABRIL E MAIO 2021

SEMINARIO ESPECIAL SEXENIOS: PROCURAR ÍNDICES DE GRADACIÓN E INDICIOS CALIDADE NAS ACHEGAS PARA A CONVOCATORIA DE 2020

MODALIDADE Virtual

ACERCA DE Seminario focado ao PDI que quere solicitar o recoñecemento de sexenios. Tamén é útil para quen precise avaliación da ANECA ou ACSUG. O seminario complementase con citas individuais de apoio e elaboración de informes.

OBXECTIVOS / COMPETENCIAS

- Coñecermos os criterios de avaliación da CNEAI nas diferentes áreas de coñecemento para a concesión de sexenios
- Familiarizármonos cos diferentes índices de gradación utilizados para a avaliación científica
- Aprendermos na procura de índices de gradación para publicacións periódicas e monografías nas distintas fontes
- Sermos quen de extraer un informe de citas das nosas publicacións
- Procurarmos indicios de calidade para as nosas publicacións
- Coñecermos as pautas para encher a solicitude

CONTIDOS

- Criterios da CNEAI para a convocatoria 2020
- Revistas con Índices de Calidade Relativa (ICR) e onde procuralos
 - Índice de impacto - JCR
 - SJR- Scopus
 - Índice H
 - SNIP, Cite Score, IPP
 - Índices de gradación para revistas españolas: Dialnet Métricas, Scielo Citation Index
- Revistas sen ICR: Indicios de calidade
- Monografías: ICR e indicios de calidade. SPI
- Procurar citas dos nosos documentos
- Almétricas
- Consellos

DATAS NOVEMBRO 2020

TODOS OS PÚBLICOS

CAFÉS(IN)FORMATIVOS

MODALIDADE Presencial / Virtual

ACERCA DE A Biblioteca convida a un café con doces, sempre que a situación covid-19 o permita, mentres imparte unha sesión de 30 minutos sobre recursos de información e ferramentas de interese para toda a comunidade universitaria. No caso de non poder ser realizado de forma presencial,

compartiremos o café e o contido de forma virtual a través da plataforma Teams.

OBXECTIVOS / COMPETENCIAS

- Coñecermos diferentes recursos gratuítos ou subscritos pola UDC de interese e utilidade para o estudo e a investigación científica.
- Optimizarmos o tempo: aprendizaxe no tempo de lecer

CONTIDOS

- OUTUBRO - DECEMBRO 2020
 - Xestores bibliográficos: Refworks
 - Como acceder aos recursos electrónicos desde casa?
 - Identificadores dixitais. Que é Orcid? Como obtelo e incorporar as miñas publicacións
 - Identificadores dixitais. Que é Pubblons? Como obtelo e incorporar as miñas publicacións. Outras funcionalidades.
- XANEIRO - MAIO 2021
 - Publicar con impacto. Procura de revistas para enviar o meu manuscrito.
 - Google Scholar. Procurar información. Funcionalidades
 - Google Scholar Citations. Crear un perfil, incorporar e modificar publicacións.
 - Dialnet. Procurar información. Funcionalidades
 - Alén de Google Scholar. Buscadores científicos + métricas
 - Publicar en aberto. RUC

DATAS REALIZARANSE AO LONGO DO ANO.
